



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Secretaría

Rectificación de erro material nas bases da convocatoria para a selección de funcionario/a de carreira de tres prazas de administrativos C1, pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativa incluída na oferta de emprego

ANUNCIO

Rectificación erro material nas bases da convocatoria para a selección de funcionario/a de carreira de 3 prazas de Administrativos C1

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 190/2026 de 20.2.2026, procedeuse á rectificación de erro material producido nas bases da convocatoria para a selección funcionario/a de carreira de 3 prazas de Administrativos C1, pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2025 que a continuación se transcribe:

“Decreto de alcaldía de rectificación de erro material producido en resolución de alcaldía núm. 100/2026 de data 30/01/2026, de aprobación de bases e convocatoria para a selección funcionario/a de carreira de 3 prazas de Administrativos C1, pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2025.

Visto que por Decreto de alcaldía número 100/2026 de 30/01/2026, se procedeu a aprobar as Bases para a provisión 3 prazas funcionario Administrativos C1, pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2025,

Advertido un erro material na puntuación asignada ás preguntas do primeiro exercicio, pois onde consta: “...Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- a) Cada resposta correcta puntuará un punto
- b) Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos
- c) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación”

debe constar: “Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- a) Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos
- b) Cada resposta incorrecta descontará 0,075 puntos
- c) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación”

De conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro pola que se aproba o procedemento administrativo común das Administracións Públicas que establece que “2. As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

E considerando que o órgano que ditou a citada resolución é quen debe proceder á súa corrección.

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Rectificar a resolución de alcaldía número 100/2026 de 30/01/2026, no referido ao apartado onde se recolle a puntuación asignada ás respostas do primeiro exercicio quedando redactada nos seguintes termos:

Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- a) Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos
- b) Cada resposta incorrecta descontará 0,075 puntos
- c) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación

SEGUNDO: Publicar a presente no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Rianxo, 23 de febreiro de 2026

Asinado dixitalmente, o alcalde, Julián Bustelo Abuín

2026/1090